

Noticia:<http://www.xornal.com/article.php3?sid=20051125135239>

A Mesa: "Co orzamento de 2 programas de Pepe Navarro, emite Radio 4 un ano"

A última das comparacións que propón A Mesa pola Normalización Lingüística non ten desperdicio. "Co orzamento de dous dos 39 programas de Pepe Navarro, Radio 4 podería emitir en Galiza durante máis dun ano", asegura esta organización unha declaración enmarcada na súa reclama a RTVE de que "correxa as discriminacións lingüísticas" que considera que "mantén en Galicia".

(viernes 25 de noviembre de 2005)

XORNAL | A Coruña.- A Mesa pola Normalización Lingüística denunciou en conferencia de prensa que "se non se recupera Radio 4 como emisora de RNE en galego é por unha decisión política do Goberno central e da dirección estatal de RTVE. A pesar de que Carmen Caffarel sostivo no Congreso dos Deputados que a restauración de Radio 4 en Galiza "suporía un investimento inasumíbel", o ente non ve problema, por exemplo, en gastar seis millóns de euros no programa de Pepe Navarro".

O Presidente da Mesa, Carlos Callón, acaba de lle remitir unha misiva a Carmen Caffarel onde lle pregunta onde se nota máis que RTVE é un servizo público, se en programas como Gente, Corazón de Otoño e Mira quién baila, ou en posíbeis accións como a recuperación de Radio 4, que contribuiría a garantir uns mínimos da cooficialidade lingüística establecida pola Constitución e o Estatuto en vigor.

Carlos Callón mantivo nos últimos meses diversas entrevistas con persoas moi implicadas na posíbel recuperación de Radio 4, como Pedro Piqueras (Director Xeral de RNE), Celia Díaz (directora de RNE – Galiza), **Fernando Salgado** (Secretario Xeral de Comunicación do Goberno Galego) e Miguel González Somovilla (Director Xerente de Comunicación e Relacións Institucionais de RTVE). Celia Díaz e **Fernando Salgado** mostraron unha receptividade moi positiva a esta proposta.

Pedro Piqueras, porén, argumentou que era difícil a recuperación de Radio 4 en Galiza porque en Cataluña esta emisora contaba cunha escasa audiencia. É rechamante ese argumento posto que, en Galiza, Radio 4 gozou dunha aceptación social importante e, porén, fechárona en 1992 alegando tamén razóns económicas que curiosamente non se aplicaron a Cataluña.

Iria Taibo, Responsábel Nacional de Mocidade pola Normalización Lingüística, recordou na conferencia de prensa que Carmen Caffarel recoñeceu no Congreso dos Deputados que en Galiza existe unha demanda social para a recuperación de Radio 4. Porén, segundo Taibo: "Nin a demanda social lle importa, nin a audiencia potencial, nin o servizo público que suporía. O único que lle parece importar é que para recuperar Radio 4 habería que investir en persoal, posto que as infraestruturas xa as teñen. Caffarel prefere pagarlle 6 millóns de euros a Pepe Navarro que contratar técnicos e locutores en Galiza.

© Xornal Galinet S.A. Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción: redaccion@xornal.es. Publicidad: comercial@xornal.es

Puesto 16 del Top 100 gallego. Publicación digital controlada por 